



Sindicato
Profesional
de Xustiza

SPJ-USO ESIXE COA ANTELACIÓN SUFICIENTE PARA EVITAR “ESCUSAS” QUE SE CUMPLA COA NORMATIVA DE PREVENCIÓN DE RISCOS NOS XULGADOS VELLAS DA PARDA E DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, E PARA ELO SOLICITA, entre outras medidas, A INSTALACIÓN INMEDIATA DE APARATOS DE AIRE ACONDICIONADO.

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO Galicia, CIF G15380033, no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos nos Xulgados de A Parda (edificio vello) e da Audiencia Provincial de Pontevedra, mail spjusogalicia@gmail.com, e domicilio a efectos de notificacións no local sindical sito no Edificio de A Parda de Pontevedra, por medio do presente expón a medio de **DENUNCIA** e **SOLICITA**:

Este sindicato, a través dos cauces correspondentes, **leva varios anos solicitando a modernización e o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais en canto ás condicións térmicas se refire**, e entre outros, respecto do **Edificio Vello de A Parda (Pontevedra)** así como da **Audiencia Provincial de Pontevedra**, dado que os mesmos non contan con instalación de aire acondicionado, e os funcionarios destinados nos mesmos están a sufrir ano tras ano ondas de calor que fan difícil facer a súa labor diaria, debido ós mais de 30 grados de temperatura que se alcanzan a miúdo nos meses de verán, sendo no mellor dos casos a solución aportada pola administración a remisión de “algún ventilador”, que evidentemente é totalmente insuficiente.

Ata o de agora, a administración sempre deu a pasividade como resposta, a pesar das denuncias presentadas por este sindicato, motivo polo que, este ano con antelación suficiente, **esiximos se tomen as medidas correctoras procedentes, e advertimos que en caso contrario tomaremos as medidas de forza procedentes ante as autoridades competentes, pois estase a a xogar coa saúde e o benestar dos traballadores.**

Como é sabido, as condicións térmicas existentes nas dependencias dos ditos edificios resultan insuficientes para garantir unhas condicións adecuadas de seguridade e saúde laboral, especialmente durante os períodos de altas temperaturas, que como ben sabemos, cada ano

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 - **Alberto** 657124727

PONTEVEDRA: Niilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - **Soi** 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@gmail.com

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.com>

SPJ-USO Galicia - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

son mais extremas e mais prolongados no tempo no caso de Galicia, por superar en moitos casos os 27°C.

A ausencia dun sistema adecuado de climatización e ventilación provoca temperaturas elevadas que afectan o benestar, a saúde e o rendemento do persoal traballador e das persoas usuarias do servizo público.

Que a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais establece a obrigação de garantir condicións ambientais adecuadas nos lugares de traballo, entre outras:

A Inspección de Traballo e Seguridade Social e a normativa derivada da Ministerio de Traballo e Economía Social.

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

O Real Decreto 486/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, que establece condicións ambientais adecuadas de temperatura e ventilación.

A Real Decreto-lei 4/2023, relativo a medidas de protección fronte a episodios de altas temperaturas e fenómenos meteorolóxicos adversos.

En base do anteriormente exposto, **SOLICITAMOS A ADOPCIÓN INMEDIATA DE MEDIDAS:**

1. Que se avalíen de xeito urxente as condicións térmicas e ambientais do edificio e dos postos de traballo afectados.
2. Que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
3. Que se proceda á instalación dun sistema adecuado de aire acondicionado, climatización e/ou ventilación que permita manter temperaturas compatibles coa seguridade e saúde das persoas traballadoras e usuarias, adoptándose entre outras as medidas seguintes:

- Dispor dun sistema axeitado de regulación da temperatura (aire acondicionado, calefacción, etc), en todo o edificio, de xeito que se asegure que se manteña ésta nos niveis establecidos no RD 486/97 de lugares de traballo (entre 17 °C y 27 °C) durante todo o ano.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 - **Alberto** 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - **Soi** 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@gmail.com

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.com>

SPJ-USO Galicia - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

- Illar de maneira axeitada e definitiva todas as fiestras para evitar que entren correntes de aire polas mesmas e arranxar as fiestras que non pechan ben.
- Revisar o estado das fiestras en xeral.
- Dispor de estores, ou similar, axeitados en todo o edificio que o aillen tanto do calor coma da luz.
- Estudiar a posibilidade de illar axeitadamente a porta de entrada do centro (A Parda), na planta principal, de xeito que non se xeneren correntes de aire que afectan a varios postos (información e control, etc)
- Conectar a calefacción polas tardes en épocas de frío no caso de haber persoal traballando.

SOLICITAMOS igualmente que se nos informe por escrito das actuacións previstas e do calendario de execución correspondente.

Non esquezamos que é a administración a responsable de que nos centros de traballo se adoiten as medidas axeitadas nos supostos en que se excedan os 27° graos de temperatura, mentres non se garante que a temperatura cumpre co establecido no RD 486/97 de lugares de traballo (entre 17°C y 27 °C) durante todo o ano.

En Pontevedra, a 18 de maio de 2026.

Fdo.: José Nilo Fernández Taboada en representación de SPJ-USO.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 - Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@gmail.com

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.com>

SPJ-USO Galicia - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo